



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

BANDO

Dna. Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Concello do Rosal,

FAI SABER:

Ante o crecente consumo de auga da traída municipal, que actualmente duplica o consumo habitual; e a fin de evitar situacións que poñan en risco o abastecemento de auga potable a toda a cidadanía, faise un chamamento a tódolos veciños e veciñas do concello de O Rosal para que fagan un **uso responsable e racional da auga**.

Neste sentido, prérgase a tódolos cidadáns que fagan o esforzo de restrinxir o consumo da auga a usos exclusivamente domésticos (necesidades primarias da vida, preparación de alimentos e hixiene persoal).

De proseguir co ritmo actual de consumo, este concello verase na obriga de establecer **MEDIDAS MÁIS RESTRITIVAS A CURTO PRAZO**.

O que comunico para xeral coñecemento.

O Rosal, 06 de xullo de 2023

A alcaldesa

Ánxela Fernández Callís

Ánxela Fernández Callís (1 para 1)
Data de Sinatura: 07/07/2023
HASH: 8c6222a9891333087a056634e5832e19



Cod. Validación: QWKXCWKFQAEH6AOC72SRQNL
Corrección: <https://rosal.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

